

VII Convocatoria para a avaliación e o recoñecemento de grupos de innovación docente da Universidade da Coruña

Artigo 1. Obxecto da convocatoria	1
Artigo 2. Requisitos	2
Artigo 3. Comisión Asesora de Innovación Docente (CAID).....	2
Artigo 4. Presentación de solicitudes	2
Artigo 5. Méritos que se avaliarán e período sometido a avaliación.....	3
Artigo 6. Revisión administrativa	3
Artigo 7. Avaliación e resolución	4
Artigo 8. Recoñecemento	4
Artigo 9. Vixencia da avaliación.....	5
Artigo 10. Consultas e resolución de dúbidas	5
Artigo 11. Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais	5
Disposición adicional. Habilitación.....	6
Disposición final. Entrada en vigor	6
ANEXO I. Criterios de avaliación.....	7
1. Actividade do GID (máximo 25 puntos).....	7
2. Impacto das actividades de innovación na calidade dos procesos de ensino-aprendizaxe (máximo 20 puntos).....	8
3. Colaboración con entidades e institucións (máximo 10 puntos)	8
4. Formación e calidade da docencia dos integrantes do GID (máximo 15 puntos)	8
5. Divulgación e proxección das accións de innovación realizadas polo GID (máximo 30 puntos).....	9

Artigo 1. Obxecto da convocatoria

O propósito desta convocatoria é recoñecer, avaliar e incentivar a actividade e a calidade das accións levadas a cabo polos grupos de innovación docente (GID) no marco da Normativa de avaliación e recoñecemento de grupos de innovación docente da Universidade da Coruña (UDC)¹, en diante, «Normativa de GID».

¹ https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2023/011165

Artigo 2. Requisitos

1. Os GID que se presenten a avaliación deben cumprir todos os requisitos definidos na Normativa de GID canto á súa denominación, composición e coordinación.
2. Poderanse someter a avaliación:
 - a) Os GID que non se someteran a avaliación en convocatorias anteriores, ou que foron avaliados como “GID desestimado”.
 - b) Os GID que fosen avaliados coa denominación “GID en vías de consolidación” en convocatorias anteriores.
 - c) Os GID que fosen avaliados na V (2023) ou na VI (2024) convocatoria e que teñan cambios na súa composición.

Artigo 3. Comisión Asesora de Innovación Docente (CAID)

1. De acordo coa Normativa de GID, a Comisión Asesora de Innovación Docente (CAID) está constituída polas seguintes persoas:
 - a) Presidente/a: persoa encargada da dirección do CUFIE.
 - b) Secretario/a: persoa do equipo técnico do CUFIE.
 - c) Vogais: cando menos unha persoa do PDI por cada rama de coñecemento.
2. A composición da CAID publicárase na páxina web do CUFIE. De concorrer algunha causa que impidise actuar a algunha das persoas da CAID, a persoa responsable da vicerreitoría con competencias en innovación docente poderá nomear unha persoa suplente.

Artigo 4. Presentación de solicitudes

Serán admitidos a avaliación os GID que cumpran todos os requisitos que se especifican a continuación:

1. Prazo: desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria na Sede Electrónica da UDC até o día 3 de novembro de 2025, incluído.
2. Lugar: exclusivamente a través do rexistro electrónico da Sede electrónica da UDC.² No formulario do rexistro electrónico, no campo “destinado a” débense seleccionar “servizos” e “CUFIE”. Calquera documentación entregada por outras vías non será admitida excepto que fose previamente autorizada polo CUFIE.
3. Forma: a persoa coordinadora do GID presentará o modelo de solicitude, dispoñible para a súa descarga na páxina web do CUFIE³, dirixido á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, debidamente cuberto e asinado electronicamente. Excepcionalmente, se a persoa coordinadora non pode presentar a solicitude, outra

² https://sede.udc.gal/services/telematic_register

³ <https://www.udc.es/cufie/INNOVACION/gid/>

persoa integrante do GID poderá presentalo xunto coa autorización asinada por parte da persoa coordinadora.

4. Modelo: o modelo de solicitude estará dispoñible para a súa descarga na páxina web do CUFIE³. De non respectar este modelo, a solicitude será excluída. Toda a documentación que non estea publicamente dispoñible na Internet porase a disposición da CAID a través dun único cartafol compartido a través de OneDrive ou Sharepoint. A ligazón deberá estar accesible a todo o persoal da UDC por un ano (ou o máximo que permita a plataforma) e proporcionar permisos de lectura e descarga. Unha vez publicada a listaxe definitiva de solicitudes avaliadas, segundo se indica nesta convocatoria, poderanse desactivar estas ligazóns.

5. A presentación da solicitude implica que a persoa coordinadora do GID acepta o consentimento expreso do tratamento dos seus datos persoais segundo se establece no nesta convocatoria. Tamén acepta expresamente o deber de informar a todas as persoas integrantes do GID do establecido nesta convocatoria e na Normativa de GID que a regula. Ademais, tamén acepta expresamente a obriga de recompilar e custodiar os consentimentos para a obtención e o tratamento dos datos persoais de todos os membros do GID segundo o establecido nesta convocatoria.

6. Cada unha das persoas integrantes do GID cubrirá e asinará, preferiblemente con sinatura electrónica, o modelo de consentimento expreso, que estará dispoñible para a súa descarga na páxina web do CUFIE³. A persoa que coordina o GID será a encargada de custodiar esta documentación, que se poderá solicitar en calquera momento unha vez finalizado o período de presentación de solicitudes.

Artigo 5. Méritos que se avaliarán e período sometido a avaliación

1. Admitiranse a avaliación os méritos comprendidos entre o 1/9/2021 e o 31/8/2025, ambos incluídos, sempre que se correspondan con accións de innovación educativa implantadas nas titulacións oficiais da UDC.

2. Tomarase como data do mérito a da súa publicación ou a de finalización da acción ou evento a que corresponda. En caso de que a data non apareza consignada explicitamente, tomarase como data a da certificación ou evidencia do mérito.

3. Excluíranse todos aqueles méritos que non estean comprendidos no período de avaliación e/ou que non se correspondan con accións de innovación educativa implantadas nas titulacións oficiais da UDC.

Artigo 6. Revisión administrativa

1. O CUFIE revisará administrativamente todas as solicitudes recibidas e publicará, na Sede electrónica da UDC, a listaxe provisional de solicitudes admitidas a valoración, e tamén as excluídas xunto coa causa correspondente. Contra esta listaxe poderase presentar unha reclamación, ante a persoa que dirixa o CUFIE, no prazo de dez días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación da listaxe

provisional. A dita reclamación presentarase exclusivamente a través da mesma vía que a solicitude.

2. Unha vez finalizado este prazo, o CUFIE revisará todas as reclamacións e publicará, na Sede electrónica da UDC, a listaxe definitiva de GID que serán sometidos a avaliación.

3. Durante este proceso, e tamén durante a avaliación posterior, o CUFIE poderá solicitar os consentimentos expresos para o tratamento dos datos persoais de todas as persoas integrantes dos GID, de ser o caso.

Artigo 7. Avaliación e resolución

1. Unha vez realizada a revisión administrativa das solicitudes presentadas, a CAID procederá á súa avaliación e valoración, nunha escala de 0 a 100 puntos, de acordo coas directrices establecidas na Normativa de GID e cos criterios de avaliación indicados no anexo I. A CAID publicará na Sede Electrónica da UDC a listaxe provisional de GID avaliados e especificará, para cada GID, unha das seguintes categorías:

- a) GID consolidados: GID que obtivesen unha puntuación de cando menos 50 puntos.
- b) GID en vías de consolidación: GID que obtivesen unha puntuación de cando menos 30 puntos e inferior a 50 puntos.
- c) GID desestimados: GID non avaliados ou avaliados cunha puntuación inferior a 30 puntos. As persoas que coordinen os GID desestimados recibirán tamén a puntuación obtida.

2. Contra esta listaxe poderase presentar unha reclamación, ante a persoa que presida a CAID, no prazo de dez días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación da listaxe provisional. A dita reclamación presentarase exclusivamente a través da mesma vía que a solicitude.

3. Unha vez finalizado este prazo, a CAID revisará todas as reclamacións recibidas e publicará a listaxe definitiva na Sede electrónica da UDC.

4. Contra esta listaxe definitiva cabe interpoñer un recurso de alzada ante a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización no prazo dun mes.

Artigo 8. Recoñecemento

1. Unha vez publicada a listaxe definitiva de GID avaliados, o CUFIE recoñecerá documentalmente e de oficio a participación das persoas integrantes dos GID avaliados como «GID consolidado» ou «GID en vías de consolidación». O dito recoñecemento especificará:

- a) a persoa que coordina o GID;
- b) os membros que compoñen o GID;
- c) e se se trata dun GID consolidado ou en vías de consolidación.

2. Os GID avaliados como «GID desestimado» non serán obxecto de recoñecemento algún.

Artigo 9. Vixencia da avaliación

A vixencia das avaliacións realizadas nesta convocatoria comezará a contar a partir do último curso académico avaliado (2024/25) e é a seguinte:

- a) GID consolidado: até o curso académico 2028/29 (catro cursos académicos).
- b) GID en vías de consolidación: até o curso académico 2026/27 (dous cursos académicos).

Artigo 10. Consultas e resolución de dúbidas

Para consultar calquera dúbida relativa a esta convocatoria pódese enviar unha mensaxe de correo electrónico ao enderezo innovacion.cufie@udc.gal.

Artigo 11. Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

1. De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (regulamento xeral de protección de datos ou RXPD), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que nos facilite mediante a concorrência a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: Edificio Xoana Capdevielle, primeiro andar, campus de Elviña, 15071 A Coruña, teléfono +34 981 167 000, correo electrónico administracion.cufie@udc.gal.

2. Mediante a concorrência a esta convocatoria, a persoa solicitante e, de ser o caso, todas as persoas que aparezan na solicitude correspondente:

- a) Autorizan ao CUFIE para a obtención e tratamento dos datos de contacto (nome, apelidos, enderezo de correo electrónico e número de documento de identidade (por exemplo, DNI ou pasaporte) e os méritos curriculares para efectos do establecido na presente convocatoria e a súa normativa reguladora.
- b) Autorizan ao CUFIE para o tratamento dos datos recompilados para a acreditación e recoñecemento da participación, resolución da convocatoria e para a realización de enquisas e elaboración de estatísticas con datos desagregados, coa finalidade da realización de memorias de calidade e acreditación dos resultados da actividade. A finalidade do tratamento destes datos persoais é a resolución da referida convocatoria.
- c) Consentén expresamente a publicación dos seus datos nas resolucións correspondentes, nos taboleiros físicos, na Sede Electrónica da UDC e no sitio web do CUFIE, na forma prevista pola disposición adicional sétima da LOPD.

3. Todas as persoas que teñan acceso a estes datos coas citadas finalidades cumprirán co deber de confidencialidade establecido no artigo quinto da LOPD.

4. Os datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coas citadas finalidades, excepto no que se refire ao recoñecemento da participación e resultados da actividade, que serán conservados indefinidamente.

5. As persoas interesadas terán dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, excepto que o tratamento dos datos se xustifique nalguna das outras bases de lexitimación contempladas no artigo sexto do RXPd no que respecta ao tratamento de datos persoais. En calquera caso, as persoas interesadas terán dereito a solicitarlle á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terán dereito a opoñerse ao tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Asemade, terán dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís. Estes dereitos pódense exercer da maneira seguinte:

a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal>) no apartado «Outros trámites».

b) Mediante unha solicitude remitida á persoa responsable do tratamento dos datos (UDC; Secretaría Xeral), presentada no enderezo postal: Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, ou ben ao correo electrónico rpd@udc.gal; tamén poderá presentarse a solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC. A solicitude estará asinada e acompañarase do DNI.

c) Mediante unha solicitude á delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal; tamén se poderá presentar unha solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC. A solicitude estará asinada e acompañarase do DNI.

6. Así mesmo, as persoas interesadas terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Disposición adicional. Habilitación

Habilítase á dirección do CUFIE para interpretar e resolver as dúbidas que presente a aplicación da presente convocatoria, e para ditar as instrucións que resulten precisas para a súa efectividade.

Disposición final. Entrada en vigor

Esta normativa entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.

ANEXO I. Criterios de avaliación

A avaliación realízase nunha escala de 0 a 100 puntos e o sistema de puntuación é aditivo. Cada unha das categorías de mérito ten asociada unha puntuación máxima, polo que cando se sature a puntuación nunha categoría asignarase esta puntuación máxima. Por tanto, é conveniente non incluír máis evidencias das necesarias en cada categoría.

Para cada tipo de mérito especifícase a súa puntuación máxima, os méritos que se poden incluír e as evidencias requiridas para a súa xustificación (preferiblemente mediante ligazóns, de estaren accesibles publicamente na Internet, ou mediante indicación da súa localización dentro do cartafol de evidencias compartido). A ausencia da xustificación correspondente implicará a exclusión automática do mérito.

1. Actividade do GID (máximo 25 puntos)

Mérito	Puntuación máxima	Xustificación
1.1. Actividades de innovación docente desenvolvidas polo GID (p. ex. novas estratexias metodolóxicas, optimización de ferramentas ou recursos para a mellora da aprendizaxe, creación de materiais didácticos innovadores etc.)	5 puntos/actividade	Documento ou URL para cada acción
1.2. Participación do GID en proxectos de innovación docente da UDC (ApS, MOOC)	10 puntos/proxecto	Só título do proxecto de innovación. A comprobación será realizada polo CUFIE
1.3. Participación do GID en proxectos nacionais de innovación docente doutras institucións distintas da UDC	12 puntos/proxecto	Copia ou URL do certificado ou documento acreditativo
1.4. Participación do GID en proxectos internacionais de innovación docente	15 puntos/proxecto	
1.5. Premios de innovación educativa recibidos polos membros do GID e concedidos pola UDC	5 puntos/premio	Copia ou URL do certificado ou documento acreditativo do premio
1.6. Premios de innovación educativa recibidos polos membros do GID e concedidos por	7 puntos/premio	

Mérito	Puntuación máxima	Xustificación
entidades externas á UDC		

2. Impacto das actividades de innovación na calidade dos procesos de ensino-aprendizaxe (máximo 20 puntos)

Mérito	Puntuación máxima	Xustificación
2.1. Para cada unha das actividades de innovación docente desenvolvidas polo GID e especificadas no apartado 1.1.	5 puntos/actividade	Xustificación do impacto de cada actividade acompañada de informes académicos, resultados de enquisas, estatísticas de uso de recursos didácticos etc.

3. Colaboración con entidades e institucións (máximo 10 puntos)

As colaboracións por razóns diferentes á innovación educativa non se terán en conta.

Mérito	Puntuación máxima	Xustificación
3.1. Institucións ou entidades internacionais con que se colabora de forma estable ou puntual en accións de innovación educativa.	5 puntos/institución	Documento e/ou URL acreditativos da dimensión da colaboración
3.2. Institucións ou entidades nacionais distintas da UDC con que se colabora de forma estable ou puntual en accións de innovación educativa.	3 puntos/institución	
3.3. Colaboración entre facultades e/ou escolas da UDC (e con persoas alleas ao GID) en accións de innovación educativa.	3 puntos/centro	

4. Formación e calidade da docencia dos integrantes do GID (máximo 15 puntos)

Os méritos que non estean relacionados coa innovación e o bo desempeño docente serán excluídos.

Mérito	Puntuación máxima	Xustificación
4.1. Cursos do CUFIE relacionados coa innovación e o bo desempeño docente. Máximo catro cursos por cada integrante do GID.	1 punto/curso (entre 10 e 20 horas) 2 puntos/curso (máis de 20 horas)	Só título e código do curso. A comprobación será realizada polo CUFIE

Mérito	Puntuación máxima	Xustificación
4.2. Cursos relacionados coa innovación e o bo desempeño docente, impartidos pola UDC ou por outra institución oficial distinta do CUFIE. Máximo catro cursos por cada integrante do GID.	1 punto/curso (entre 10 e 20 horas) 2 puntos/curso (máis de 20 horas)	Copia ou URL do certificado onde consten o nome e os apelidos da persoa integrante do GID que o cursou
4.3. Asistencia a simposios, congresos ou xornadas de innovación educativa. Máximo catro achegas por cada integrante do GID.	0,5 puntos/evento	Copia ou URL do certificado de asistencia ou documento acreditativo
4.4. Avaliación positiva nas convocatorias IX, X, XI ou XII do Programa Docencia. Máximo unha achega por cada integrante do GID.	0,5 puntos/avaliación positiva	Copia ou URL da certificación da avaliación ou documento acreditativo

5. Divulgación e proxección das accións de innovación realizadas polo GID (máximo 30 puntos)

Para cada mérito debe proporcionarse unha breve xustificación da relación entre o devandito mérito e as actividades de innovación docente levadas a cabo polo grupo que se especifican no punto 1.1. A ausencia desta xustificación implicará a exclusión automática do mérito. Os méritos que non estean relacionados coa innovación e o bo desempeño docente serán excluídos. Admítense publicacións en formato impreso e en liña. Para publicacións dispoñibles desde a rede da UDC é suficiente con especificar o DOI ou o URL. En caso contrario, deberá incluírse unha ligazón á publicación.

Mérito	Puntuación máxima	Xustificación
5.1. Artigos de innovación docente publicados en revistas e capítulos de libro.	15 puntos/artigo ou capítulo	Cita do artigo. DOI/URL do artigo ou capítulo. Xustificación da relación coas actividades especificadas no punto 1.1

Mérito	Puntuación máxima	Xustificación
5.2. Libros ou monografías sobre temas relacionados coa innovación docente.	12 puntos/libro	Cita do libro ou monografía. DOI/URL/ISBN do índice do libro ou monografía. Xustificación da relación coas actividades especificadas no punto 1.1
5.3. Charla ou mesa redonda en congreso internacional de innovación docente.	5 puntos/congreso	Cita da publicación/charla. Copia do programa do congreso/certificación. Xustificación da relación coas actividades especificadas no punto 1.1
5.4. Charla ou mesa redonda en congreso nacional de innovación docente (dentro ou fóra da UDC).	3 puntos/congreso	
5.5. Comunicación/póster en congreso internacional de innovación docente.	3 puntos/congreso	
5.6. Comunicación/póster en congreso nacional de innovación docente (dentro ou fóra da UDC).	1,5 puntos/congreso	
5.7. Impartición de cursos e seminarios relacionados coa innovación docente ou cursos MOOC.	1 punto/curso (dentro da UDC) 3 puntos/curso (fóra da UDC)	URL ou copia da certificación ou copia do programa do curso. Xustificación da relación coas actividades especificadas no punto 1.1
5.8. Publicación de recursos educativos dixitais en aberto.	5 puntos/recurso	URL do recurso. Xustificación da relación coas actividades especificadas no punto 1.1

Mérito	Puntuación máxima	Xustificación
5.9. Outras actividades de difusión da innovación docente.*	1 punto/actividade	URL ou copia da certificación ou documento acreditativo. Xustificación da relación coas actividades especificadas no punto 1.1

* Exemplos doutras actividades de difusión da innovación docente: organización de congresos e xornadas, teses de doutoramento dirixidas, participación en comisións de valoración de premios de innovación docente ou en revisións de textos relacionados coa innovación etc.